

Materia	CIENCIAS NATURAIS	Pág.	
Curso / Ciclo	2º curso de Educación Primaria.		
Profesor/a	Carmen Leal Santamaría		

CONTIDOS	
-O noso corpo :aparato locomotor, respiratorio e dixestivo . -Os alimentos e a súa orixe.Grupos de alimentos -Saúde e enfermidade.Prácticas saudables,dieta equilibrada,deporte... -Os seres vivos e as funcións vitais. -Os ecosistemas:grandes ecosistemas na natureza. - Animais vertebrados e invertebrados/ domésticos- salvaxes. -Os mamíferos e as aves. -Peixes,anfíbios e réptiles -As plantas:partes,tipos e principios usos. - A materia: características.Masa e volumen.As forzas -A enerxía.Fontes e aforro de enerxía. - A luz, o son e o ruído. -As máquinas e aparatos.	
OBXECTIVOS	
-Identificar as partes principais do corpo humano. -Recoñecer a necesidade de alimentarse ben. -Comprender que a auga e o aire son necesarios para a vida dos seres vivos. -Coñecer as características máis importantes dos distintos grupos de animais. -Clasificar animais segundo diferentes criterios. -Identificar animais segundo sexan insectos,peixes,réptiles,mamíferos,etc... -Entender o concepto de ecosistema e recoñecer os máis importantes, así como algúns seres vivos qqe os forman. -Entender o concepto de planta como ser vivo e recoñecer os seus principios órganos e funcións que realizan. -Valorar a importancia das plantas na nosa vida diaria. -Comprender que a auga e o aire son necesarios para a vida dos seres vivos. -Identificar as principais características da materia e os materiais. -Coñecer as principais características dun obxecto:masa e volumen. -Recoñecer distintos tipos de forzas e o seu efecto sobre os obxectos. -Entender que as máquinas facilitan os traballos das persoas. _Recoñecer a importancia de distintos inventos. -Recoñecer a utilidade de diversos inventos.	
METODOLOXÍA	
O proceso de ensinanza-aprendizaxe que debe cumprí-los seguintes requisitos: – Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas. – Asegura-la construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva. – Favorecer situacións nas que os alumnos e alumnas deben actualiza-lo seus coñecementos. – Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos e alumnas, co	

fin de que resulten motivadoras.

– **Metodoloxía activa.**

Supón atender a aspectos intimamente relacionados, referidos ó clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe:

Integración activa dos alumnos e alumnas na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.

Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza/aprendizaxe.

Metodoloxía participativa e globalizadora.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

-A avaliación continua terá un momento inicial, unha continuidade e un momento final.

-Os instrumentos a utilizar: a observación directa do traballo diario na clase (seguimento do libro, cadernos, fichas e outras actividades realizadas)

-Tamén valorarei a actitude dos alumnos/as durante as sesións diarias